

IV CONCURSO “CABACIÑAS E DECORACIÓN DE SAMAÍN”
Bases do concurso “Cabaciñas e decoración de Samaín na Praza”

Data inicio: 25-10-2019 Data fin: 31-10-2019

- 1.-Poderán participar os alumnos/as de Educación Infantil e Educación Primaria de 0 a 12 anos, dos centros de ensino da cidade.
- 2.-O obxectivo deste concurso é que os nenos e nenas mostren os seus traballos manuais usando as tradicionais cabazas de Samaín, que nestas datas se fan, en especial nos centros educativos.
- 3.-Os traballos poden presentarse en dúas categorías con técnica libre:
 - Decoración de Cabazas.
 - Decoración de Samaín, na que se poderán presentar abelorios ou obxectos decorativos.
- 4.-O xurado valorará os traballos presentados polos nenos/as, tendo en conta a orixinalidade, atractivo, e fomento da tradición e do mercado. A temática será libre.
- 5.-O prazo de presentación será do 25 de outubro ao 31 de outubro. Rematando o prazo ás 13:00h do xoves.
- 6.-Os traballos entregaranse na Praza de Abastos Nº1 ou na administración da mesma Praza de Abastos Nº1 en horario de mañá (Alameda do Concello, edificio provisional da Praza de Abastos).
*****Deberá aparecer, na base da cabaza, un adhesivo cos datos do alumno ou alumna (nome e apelidos, idade, número de teléfono dos representantes legais, e do centro escolar)**
- 7.-Estableceranse 4 categorías de premios:
 - 0 a 3 anos (E.I.) *4 a 5 anos (E.I.)
 - 6 a 9 anos (E.P.) * 10 a 12 anos (E.P.)
- 8.-Cada categoría obterá un 1º premio, consistente nun lote de produtos do mercado.
- 9.-O xurado estará conformado por dous técnicos do Concello, e un representante da Praza de Abastos.
- 10.-Poderanse recuperar todos os traballos a partires do mércores día 6 de novembro, a excepción daqueles que estean moi deteriorados, a consecuencia do seu carácter perecedeiro.
- 11.-O xurado reservarase o dereito a declarar calquera categoría deserta.
- 12.- Os traballos gañadores poderanse usar no material promocional que se faga para ese evento.

Coordinadores:

Sara Dacal Fernández/ Alberto González Villar (988 388 145/ 988220188)